

Faise constar expresamente que os sucesivos anuncios que deriven da convocatoria se publicarán no BOP de Lugo e/ou no taboleiro de anuncios deste instituto.

Lugo, 8 de marzo de 2007.

Francisco Cacharro Pardo Presidente da Deputación Provincial de Lugo	Faustino Martínez Fernández Secretario da Deputación Provincial de Lugo
--	---

Extracto da convocatoria e das bases xerais para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario desta deputación, polo sistema de libre designación, vacantes na RPT 2007.

No BOP de Lugo número 57, do 10 de marzo de 2007, publícase integramente a convocatoria e as bases para a provisión dos postos de traballo de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, polo sistema de libre designación, vacantes na RPT 2007, que se sinalan a seguir:

Número de vacantes: unha. Denominación: letrado/a asesor/a. Complemento de destino: 28. Requisitos indispensables: escala de Admón. especial, subescala técnica, técnicos superiores. Letrado: quen acredite titulación que habilite para o desempeño de funcións de letrado. Grupo A.

Número de vacantes: unha. Denominación: xefe/a do Servizo de Admón. de Persoal. Complemento de destino: 28. Requisitos indispensables: escala de Admón. xeral. Subescala técnica: escala de Admón. especial. Subescala técnica. Técnicos superiores. Grupo A.

Número de vacantes: unha. Denominación: xefe/a da Área de Urbanismo, Arquitectura e Patrimonio. Complemento de destino: 28. Requisitos indispensables: escala de Administración especial. Subescala técnica. Técnicos superiores. Arquitecto, escala de Admón. especial. Subescala técnica. Técnicos medios. Arquitecto técnico. Grupo: A/B.

Presentación de solicitudes: presentarase no modelo oficial que se facilitará no Negociado de Selección, Promoción e Carreira (Área de Formación, RR.HH. e Organización) da Deputación Provincial de Lugo.

Lugar de presentación: rexistro xeral desta entidade ou nos lugares determinados no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Dirixiranse ao presidente da Deputación de Provincial de Lugo.

Prazo de presentación: quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado* (BOE).

Faise constar expresamente que os sucesivos anuncios que deriven da convocatoria se publicarán no BOP de Lugo e/ou no taboleiro de edictos desta corporación.

Lugo, 10 de marzo de 2007.

Francisco Cacharro Pardo Presidente da Deputación Provincial de Lugo	Faustino Martínez Fernández Secretario da Deputación Provincial de Lugo
--	---

c) OUTROS ANUNCIOS

FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

Anuncio de modificación dos estatutos desta federación.

Aprobada a modificación dos estatutos pola asemblea xeral da Federación Galega de Espeleoloxía, en reunión extraordinaria do 17 de xuño de 2006, e ratificada pola Dirección Xeral para o Deporte en Resolución do 5 de febreiro de 2007, de conformidade co artigo 31.6º da Lei 11/1997, xeral do deporte de Galicia, procédese ao anuncio da modificación de diversos artigos dos seus estatutos, depositándose copia íntegra deles no Rexistro de Asociacións Deportivas e Deportistas de Galicia e na Dirección Xeral para o Deporte.

A Coruña, 15 de febreiro de 2007.

Juan Prego Mateo
Presidente en funcións da Federación Galega
de Espeleoloxía

SERGA MOTOR COOPERATIVA DE TRABALLO ASOCIADO

Anuncio de redución do capital social.

Na asemblea do 30 de setembro de 2004, cumprindo todos os requisitos estatutarios e legais, dicídiuse, por unanimidade, reducir o capital social mínimo, sendo o seu importe 3.005,06 euros.

Fene, 13 de marzo de 2007.

José Andrés Serantes Panceiras
Presidente